



INFORMACIÓN ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2021-22

Normativa reguladora de admisión de alumnado en centros públicos:

- ❖ DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 245 - 26/12/2012).
- ❖ ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG 53 - 15/03/2013).
- ❖ ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2017 POLA QUE SE MODIFICA A Orde do 12 de marzo de 2013.
- ❖ **ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.**

A. RESERVA DE PRAZA

- ❖ **Ao alumnado actual do centro realízase a reserva automática**, agás que as súas nais/ pais/titoras/es legais manifesten o contrario.
- ❖ **O alumnado de 6º de Educación Primaria xa fixo a reserva no IES Terra de Xallas.**
- ❖ **O alumnado do CRA que vai cursar 3º de Educación Primaria xa fixo a reserva no noso centro.**

B. SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- ❖ **O alumnado de novo ingreso** que queira solicitar praza neste centro terá que presentar a súa solicitude de admisión do **1 ao 20 de marzo**.
- ❖ As solicitudes poderanse cumprimentar de xeito manual ou a través da aplicación "Admisión alumnado" na web: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> ou na sede electrónica da Xunta.
- ❖ **Documentación:**
 - Solicitudes de admisión segundo o **Anexo II**, con DNI ou Libro de Familia e certificado de escolarización en casos de traslado de centro. (Art.16).
 - Cada solicitante presentará unha única solicitude, relacionando nela por orde e preferencia ata seis centros nos que solicita praza (Art.14.6). Tamén se marcará se desexa ou non utilizar comedor e /ou transporte. (Disp.Adic. Segundo).
 - A solicitude terá que estar asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente, excepto casos de violencia de xénero. (Artigo 14.4).
 - A solicitude entregárase no centro que se solicite en primeiro lugar (Art.14.5).
 - Se os pais/as nais/as titoras /os titores legais optan a unha praza para alumnado con necesidades específicos de apoio educativo (NEAE) achegarán a documentación pertinente (Art. 37.2).



- ❖ **Outra documentación a presentar:**
 - Fotocopia dos DNIs dos proxenitores.
 - Alumnado de Educación Infantil 2 fotos.
 - Certificado de empadramento.

C. FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

- ❖ Infantil e Primaria: do 20 ao 30 de xuño

RESUME DO CALENDARIO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

Para o curso escolar 2021-22 os prazos previstos na Orde de admisión para a tramitación dos procedementos de admisión e de matrícula do alumnado, son os seguintes:

1. Reserva de praza no centro de orixe: **11 de xaneiro ao 8 de febreiro**
2. Publicación de postos escolares vacantes : **antes do 1 de marzo**
3. Presentación da solicitude de admisión: **1 ao 20 de marzo**
4. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo, en caso de que sexa necesario: **23 de marzo ao 3 de abril.**
5. Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: **antes do 25 de abril.** Haberá 5 días para reclamacións.
6. Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: **antes do 15 de maio.** Hai un mes para interpoñer recurso no caso de desconformidade.
7. Formalización da matrícula de educación infantil e primaria: **20 ao 30 xuño.**

NOTAS INFORMATIVAS

1. **Cada alumno ou alumna só pode presentar unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar.
2. **O alumnado actual ten garantía de permanencia no centro.** Se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberase comunicar, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
3. **O alumnado que ten reserva de praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva, antes do 29 de febreiro.**
4. **O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución de áreas de influencia, non terá dereito aos servizos complementarios establecidos pola Consellería, agás que existan prazas dispoñibles e previa solicitude das mesmas.**

HORARIO DE ATENCIÓN PRESENCIAL EN SECRETARÍA

- ❖ Para entregar/recoller as solicitudes de admisión ou para información presencial o horario será de 9:45 a 13:25